

**Acta núm. 02/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 21 de xaneiro de 2020.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13:30 horas do 21 de xaneiro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 01/2020, DO 02.01.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 4º) SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.
- 5º) BONIFICACIÓN PREZO PÚBLICO.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 01/2020, DO 02.01.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 02.01.2020, acta núm. 01/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Rodríguez Garabal, que di actuar en representación de TOMÁS RABANOS MURO, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda sita na Urbanización Hortensia nº 19, substituindo a tella existente en mal estado por tella nova, limpando os lucernarios e impermeabilizando as chemineas; sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a vivenda (6550184NH2465S0001XG) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 46,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 110,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROMÁN RIVEIRO REY, na que comunica que vai reparar a cuberta dun almacén sito en Vidaloso nº 5 – Bastavales, substituindo a tella existente en mal estado por tella nova e pranchas de fibrocemento; sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza o almacén (8918304NH2481N0001KH) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro dunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como XBE5, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 40,92 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 105,49 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Francisco Nieto Pais, que di actuar en representación de RICARDO JOSÉ PÉREZ GÓMEZ, na que solicita licenza de segregación dunha parcela no lugar de Gronzo – Brión, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais, que conta con visado do colexio profesional correspondente de data 18.12.2019 (expte. 14096).

Antecedentes:

1. Con data 21.07.2005, a Xunta de Goberno local concedeu licenza de segregación da finca nº 347 do plano de concentración parcelaria de San Fins de Brión, situada en Branqueiras – Gronzo, resultando seis parcelas, denominadas 347-1, 347-2, 347-3, 347-4, 347-5, e a 347-6.

2. Con data 23.11.2012, a Xunta de Goberno local modificou a licenza de segregación concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 21.07.2005, consonte co proxecto asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Carlos Noya Rial, visado núm.1006/12.

A modificación consistiu na redución do número de parcelas resultantes a cinco, mediante a agrupación das parcelas 347-3 e 347-4 nunha soa parcela resultante.

3. Sobre ditas parcelas foi outorgada licenza de obra para seis vivendas unifamiliares pareadas pola Xunta de Goberno Local do 29.11.2008.

4. Sobre a parcela 347-1 e 347-2 existen construídas dúas vivendas con licenza de legalizacións das modificacións efectuadas durante o transcurso das obras de construción outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 03.12.2013, e licenza de primeira ocupación outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 08.04.2015.

5. Sobre a parcela 347-3-4 foi aceptada a renuncia para a construción de dúas vivendas pareadas pola Xunta de Goberno Local do 23.11.2012.

6. Con data 24.11.2008, foi asinado documento administrativo de cesión do terreo destinado polo planeamento a viais, fora das aliñacións, dunha superficie total de 529,97 m2, correspondente á obriga de todas as parcelas resultantes.

7. Con data 11.07.2019, solicítase nova licenza para segregación da parcela resultante da agrupación das parcelas 347-3-4, 347-5 e 347-6.

8. Con data 14.11.2019, a Xunta de Goberno Local toma coñecemento da renuncia da licenza concedida para a construción de dúas vivendas unifamiliares pareadas que se ían construír sobre as parcelas 347-5 e 347-6.

Descrición das parcelas de orixe:

Preténdese a agrupación das tres parcelas, 347-4-3, 347-5 e 347-6, que contan cunha única referencia catastral, para a súa posterior segregación en dúas.

Referencia catastral: 4856101NH2445N0001MX

Clasificación urbanística: aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

Parcela 347-4-3.

Superficie: 530m².

Lindes:

Norte: parcela segregada 347-2.

Sur: coa estrada de Os Ánxeles a Viceso.

Leste: camiño.

Oeste: parcela 347-5.

Parcela 347-5.

Superficie: 351m².

Lindes:

Norte: parcela segregada 347-2.

Sur: coa estrada de Os Ánxeles a Viceso.

Leste: parcela 347-4-3.

Oeste: parcela 347-6.

Parcela 347-6.

Superficie: 351m².

Lindes:

Norte: parcela segregada 347-2.

Sur: coa estrada de Os Ánxeles a Viceso.

Leste: parcela 347-5.

Oeste: Eduardo Sánchez Rey (348).

Agrupación pretendida:

Parcela agrupada:

Superficie: 1.232m².

Lindes:

Norte: parcela segregada 347-2 e camiño.

Sur: coa estrada de Os Ánxeles a Viceso.

Leste: camiño.

Oeste: Eduardo Sánchez Rey (348).

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Segregación pretendida:**Parcela 347-A.**

Superficie neta: 451m².

Lindes:

Norte: parcela segregada 347-2.

Sur: parcela de cesión.

Leste: parcela 347-B.

Oeste: Eduardo Sánchez Rey (348).

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Parcela 347-B.

Superficie neta: 601m².

Lindes:

Norte: parcela segregada 347-2 e camiño.

Sur: parcela de cesión.

Leste: camiño.

Oeste: parcela 347-A.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Parcela de cesión para viais.

Correspondente coa superficie real existente no terreo, fora do muro de contención construído, a maiores da recollida no documento administrativo de cesión asinado o 24.11.2008.

Superficie segundo medición recente: 180m2.

Lindes:

Norte: parcela agrupada.

Sur: estrada de Os Ánxeles a Viceso.

Leste: camiño.

Oeste: Eduardo Sánchez Rey (348) e parcela agrupada.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 180,00 m2, ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

CUARTO.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSEFINA BLANCO REY, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de limpeza e encintado das fachadas de pedra, do almacén sito en Cornanda nº10 - Cornanda.

Con data 24.07.2019 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento e autorizou a Josefina Blanco Rey as obras de limpeza e encintado das fachadas de pedra.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

QUINTO.- BONIFICACIÓN PREZO PÚBLICO.

a) Deuse conta dunha solicitude presentada por M.C.D.V., con rexistro de entrada no Concello núm. 44, do 09/01/2020, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente á participación das súas fillas J.F.D. e V.F.D. na actividade "Batucada".

Vista a proposta de bonificación do 50% da traballadora social do 09/01/2020, unha vez valoradas as circunstancias familiares, económicas e sociais declaradas pola solicitante, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a M.C.D.V. unha bonificación do 50% do prezo público, por importe de 22,50 €, correspondente á participación das súas fillas J.F.D. e V.F.D. na actividade de "Batucada" ao abeiro co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

3º) Notificar este acordo á interesada.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González